

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 19 de xaneiro de 2017 pola que se convoca unha xornada sobre a Lei 10/2014, de accesibilidade de Galicia, e a Convención internacional sobre persoas con discapacidade 2006: aplicación e control polas administracións públicas.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2017 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, convócase unha xornada sobre a Lei 10/2014, de accesibilidade de Galicia, e a Convención internacional sobre persoas con discapacidade 2006: aplicación e control polas administracións públicas, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, propónse a realización desta acción formativa cuxo obxecto principal é afondar no estudo do texto legal para un mellor tratamento da accesibilidade, en especial, nas relacións cidadán-Administración.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- A linguaxe xurídica e a lectura fácil: a primeira sentenza en lectura fácil.
- A discapacidade visual e o acceso aos servizos públicos.
- A constitucionalidade do dereito de accesibilidade.
- A accesibilidade universal na Convención da ONU 2006 e a Lei de Galicia 10/2014, de accesibilidade. Os dereitos das persoas con discapacidade nos procesos electorais.
- A accesibilidade máis alá da norma.
- A xustiza e a discapacidade: o Foro Xustiza e Discapacidade do Consello Xeral do Poder Xudicial.



3. Destinatarios.

Empregados das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, das universidades do Sistema universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

4. Desenvolvemento.

Data: mércores, 8 de febreiro de 2017.

Horario: mañá e tarde.

Duración: 6 horas lectivas.

As clases presenciais desenvolveranse en Ourense, na Delegación Territorial da Xunta de Galicia, avenida da Habana, nº 79 (salón de actos, andar principal) e poderán seguirse tamén por videoconferencia desde calquera das seguintes sedes:

- Santiago de Compostela: EGAP, rúa Madrid, 2-4 (aula 5).
- A Coruña: Edificio Administrativo Monelos, rúa Vicente Ferrer, 2 (sala de xuntas B, planta baixa).
- Lugo: Delegación Territorial da Xunta de Galicia, rolda da Muralla, 70 (sala Muralla, 1º andar).
- Pontevedra: Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, avenida Fernández Ladreda, 43. Campolongo (aula 1, planta baixa).
- Vigo: Edificio Administrativo, Torre Principal, Concepción Arenal, 8 (sala A, 1º andar).

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade dos respectivos locais. Se o número de solicitudes de inscrición é superior ao número de prazas dispoñibles en cada sede, a orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

6. Inscrición.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.gal/matricula/>. Unha vez formalizada a súa



inscrición e antes de que finalice o prazo de inscrición, todos os solicitantes deberán achegar, ademais, un correo electrónico dirixido a novas.egap@xunta.gal indicando o nome e apelidos da persoa que solicita asistir á xornada e o lugar elixido para facer o seguimento desta actividade formativa, de entre os propostos na base 4 desta resolución.

O prazo para inscribirse estará aberto desde as 8.00 horas do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata as 23.00 horas do día 5 de febreiro de 2017.

Poderá obterse calquera outra información, desde as 8.30 ata as 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 39 e 981 54 62 41.

7. Publicación das listaxes de admitidos.

As listaxes de admitidos en cada sede publicarase na páxina web da EGAP (<http://egap.xunta.gal/>), no espazo reservado para esta xornada.

8. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta xornada, así como a facultade de cancelala se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

9. Certificado de asistencia oficial.

Ao final da xornada expedirase un certificado electrónico de asistencia, descargable desde a súa área de matrícula (<https://egap.xunta.gal/matricula/>), a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Este documento estará asinado electronicamente pola EGAP e incluírá, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data e o lugar de realización da xornada, así como un código de verificación electrónica (CVE) para contrastar a súa autenticidade.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2017

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

